



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Exp.: 2018000039306

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN 2019/8517, DE 3 DE MARZO, POLA QUE SE APROBARON AS BASES DA CONVOCATORIA DO III PREMIO “BEGOÑA CAAMAÑO” Á ACCIÓN CULTURAL POLA IGUALDADE DE XÉNERO

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vista a base 5ª da convocatoria, na que se establece o prazo no que terá lugar a decisión do xurado, e tendo en conta que por motivos de carácter organizativo non é posible que o fallo se produza no prazo previsto.

Visto o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes.

RESOLVO:

Modificar a resolución nº 2019/8517, de 3 de marzo, modificada por resolución nº 2019/9036, de 13 de marzo, pola que se aprobaron as bases da convocatoria do **III Premio “Begoña Caamaño” á Acción Cultural pola Igualdade de Xénero** no senso seguinte:

Onde dí:

A decisión do xurado terá lugar no **segundo trimestre de 2019** e será comunicada a través do taboleiro de anuncios e da páxina web da Deputación.

Debe dicir:

A decisión do xurado terá lugar no **segundo semestre de 2019** e será comunicada a través do taboleiro de anuncios e da páxina web da Deputación.

Polo tanto, o texto definitivo da resolución é o seguinte:

Despois de ver os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria do III Premio “Begoña Caamaño” á Acción Cultural pola Igualdade de Xénero e de acordo co texto seguinte:



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Exp.: 2018000039306

III Premio “Begoña Caamaño” á Acción Cultural pola Igualdade de Xénero

En memoria da xornalista, escritora, activista cultural e feminista galega Begoña Caamaño, e coa finalidade de recoñecer as persoas e iniciativas culturais e artísticas que promoven socialmente a igualdade de xénero desde o campo da cultura, a Deputación da Coruña convoca a III edición do *Premio Begoña Caamaño á Acción Cultural pola Igualdade de Xénero* de acordo coas seguintes bases:

BASES

Primeira.–

A convocatoria está destinada a recoñecer traxectorias de persoas, colectivos ou entidades e/ou propostas artísticas comprometidas coa promoción da igualdade de xénero desde o pensamento feminista e desde o campo da cultura, quer no ámbito da provincia, quer a nivel galego.

Poderán presentar candidaturas para a concesión do premio todas as persoas físicas ou xurídicas que estiveren interesadas na promoción da igualdade de xénero e o pensamento feminista desde o campo da cultura.

As persoas que formaren parte do xurado poderán propor candidaturas que deberán facer chegar ao resto das persoas integrantes do xurado cando menos 72 horas antes da sesión de deliberación.

Nas candidaturas poderán propoñer calquera persoa, colectivo, asociación ou entidade ligada a proxectos que se desenvolvan ou relacionen coa promoción da igualdade de xénero, e o pensamento feminista desde o campo da cultura, ou que salienten polo desenvolvemento de actividades culturais que impliquen o seu avance social desde o traballo artístico, e que teñan a súa residencia ou sede social no territorio galego.

Só se admitirá unha candidatura por persoa física ou xurídica.

Non se admitirán candidaturas presentadas por persoas ou entidades premiadas nas edicións anteriores do Premio e tampouco se poderán propoñer autocandidaturas.

A convocatoria tramitarase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática:

Quen presente a candidatura deberá dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Dipoiñer de certificado dixital.

Segunda.–



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Exp.: 2018000039306

Establécese un único premio, dotado coa cantidade de **6.500 €**, dirixido a premiar a traxectoria e o impacto social de proxectos, iniciativas, entidades e persoas polo seu traballo no campo cultural en relación á promoción da igualdade de xénero.

O premio poderá quedar deserto e tamén ser concedido con carácter ex aequo. Neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas e/ou entidades que resultaren premiadas.

Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle foren aplicábles.

Terceira.-

O prazo de presentación das candidaturas comezará o día seguinte da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará o **5 de abril de 2019, ás 14:00 h**

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a candidatura.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Cuarta.-

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

- Memoria explicativa do proxecto no que se recollan os datos seguintes da persoa/entidade proposta:

- - Nome da persoa, colectivo, asociación ou entidade; NIF
- - Nome representante, NIF
- - Enderezo postal
- - Teléfono
- - Enderezo electrónico
- - Enderezo web
- - Méritos que se alegan para a proposta de candidatura, tendo en conta os criterios explicados na base quinta desta convocatoria.
- - Documentación achegada para acreditar os méritos
- - Declaración de conformidade da persoa/entidade proposta coa presentación da candidatura.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Exp.: 2018000039306

- Declaración de consentimiento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no **III Premio “Begoña Caamaño” á Acción Cultural pola Igualdade de Xénero**, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

- No caso de persoas xurídicas:

-Acreditación da delegación da Presidencia ou persoa en quen delegue na que se especifique o alcance da dita delegación (presentación telemática da solicitude e sinatura electrónica de toda a documentación necesaria para a súa tramitación).

Quinta.-

O xurado estará presidido pola persoa que ocupe a presidencia da Deputación ou persoa en que delegar e formarán parte del cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da cultura galega e o traballo social pola igualdade de xénero, nomeadas pola área de Cultura da Deputación.

As funcións de secretaría exerceraas o secretario da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en que delegar.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro e na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poidan interpor, se for o caso, os recursos legais pertinentes.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 17 da *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

Para conceder os premios o xurado terá en conta os seguintes criterios:

– PERSPECTIVA FEMINISTA. Uso habitual da perspectiva feminista, quer a nivel persoal e/ou profesional, quer nas actividades e servizos derivados da iniciativa ou proxecto cultural.

– TRAXECTORIA. Tarefa continuada desenvolvida ao longo do tempo en favor da promoción da igualdade de xénero desde o ámbito cultural.

– IMPACTO SOCIAL. Contribución coas súas actividades, propostas e traxectoria á igualdade de xénero en sectores de especial relevancia económica, social e cultural.

O xurado poderá valorar outros méritos, que dará a coñecer, das persoas, colectivos ou entidades que se propoñan.

O xurado presentará a súa proposta á presidencia da Deputación, que é o órgano competente para conceder o premio.

A decisión do xurado terá lugar no **segundo semestre de 2019** e será comunicada a través do taboleiro de anuncios e da páxina web da Deputación.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

Sección de Cultura e Deportes

Exp.: 2018000039306

Sétima.-A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Oitava.-

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña, e o encargado será a empresa contratada pola Deputación Provincial para coordinar o premio, no caso de se contratar. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga á Deputación Provincial coa súa firma. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao Premio por imposibilidade de tramitación da solicitude. O destinatario dos datos é a Deputación Provincial que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación da convocatoria. As persoas que participen na convocatoria teñen os dereitos a acceder, rectificar ou suprimir datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Estes dereitos poderán exercerse perante as oficinas centrais da Deputación sitas na Av. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña ou ben a través de medios electrónicos, dirixindo un correo ao enderezo delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal. Pode consultar a política de privacidade da Deputación na dirección [//www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade](http://www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade).

2º.- Dispor a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- Contabilizar o importe dos gastos derivados da convocatoria, que ascende a un total de 10.500 €, de acordo co seguinte detalle:

CONCEPTO	Aplicación orzamentaria	Importe	Documento contable RC
Premio	0612/3341/481	6.500,00	220190005763 (multiaplicación)
Honorarios xurado	0612/3341/22609	4.000,00	